

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

CEIP ISAAC PERAL - FERROL
CURSO 2009-2010



ANEXO I

XUSTIFICACIÓN

O proxecto lector do noso centro nace coa finalidade de contribuír, de xeito significativo á mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector do alumnado de E.I. e E.P, así como a descubrir e tomar conciencia do valor e do pracer da lectura.

O proxecto quere orientar, alentar e dinamizar o traballo que levan a cabo os diferentes protagonistas da acción educativa, especialmente o alumnado, o profesorado e as familias, de modo que todos camiñen xuntos na mesma dirección, contribuían aos mesmos fins e traballen de maneira coherente e cohesionada.

A finalidade última é formar persoas capaces de buscar , comprender e valorar calquera tipo de texto, en calquera formato e de calquera área., é dicir, á **formación integral do alumnado para ser plenamente competente na sociedade actual.**

CONTEXTO

O Centro está emprazado no *concello de Ferrol*, no barrio de Esteiro, preto da Universidade e lindando co instituto Saturnino Montojo (ao que está adscrito o alumnado) co que comparte porta.

Pola súa situación está, por unha banda, nus dos barrios máis antigos da cidade e por outra é tamén o de máis recente remodelación.

En canto ás zonas de influencia os alumnos proceden a maioría do barrio. Os alumnos fillos de militares *teñen dereito preferente* para seren admitidos no Centro, segundo estipula a convenio entre o Ministerio de Defensa e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Resolución) 121/2000 do 25 de abril BOE 4/5/2000).

O Colexio está nun barrio, maioritariamente novo, con vivendas de recente construción, que si ben unhas son de construción cooperativa outras son de tipo social. Así a procedencia do alumnado é de clase media.

A lingua maioritaria entre o alumnado é o *castelán*; aínda que moi poucos din ser descoñecedores do galego, son contadas as familias que empregan este idioma no seu ámbito familiar.

A maioría dos que din descoñecer o idioma, proceden doutras comunidades e están de paso (case todos relacionados coa Armada).

O noso Centro ten 2 liñas coa ratio máxima de 25 alumnos por aula, excedéndose nalgúns casos. O alumnado total rolda os 450 alumnos

O réxime de permanencia do alumnado e do profesorado é externo e o colexio ten *xornada única* de mañá, con servizos de *almorzo e comedor escolar*. As *actividades extraescolares* realízanse en horario de tarde de 16:00 a 18:00 horas

ANÁLISE DA SITUACIÓN DO NIVEL LECTOR NO CENTRO.

O nivel de competencia lectora no noso centro é moi diversa. Un número elevado de alumnado ten as competencias lingüísticas adquiridas. Parte do alumnado pode presentar problemas de comprensión e análise: dislalia, dislexia, discalculia, afixias ...

O uso da biblioteca é elevado por parte dos alumnos de E. infantil e 1º ciclo de E.P. xa que as titoras fan préstamos semanais con todos os alumnos. O 2º ciclo e 3º de E.P. fan préstamos libres nas horas do recreo, sendo o alumnado de 3º e 4º nivel os que máis len. O alumnado de 5º e 6º sometidos a máis tarefas e máis textos para estudar, o mesmo que máis actividades extraescolares (Inglés, fútbol ...), deixan de ler textos literarios. Debido a isto **a biblioteca debe xogar un papel específico e motivador que esperte no alumnado o desexo de ler para adquirir unha boa competencia lingüística**; poñendo todos os recursos, en todos os soportes á súa disposición.

SENSIBILIZACIÓN

Ben certo é que no noso centro sempre se lle deu importancia ao papel que xoga a Biblioteca no ámbito da formación como evidenciaba a praxe que dela se facía.

Mais xa que estamos a falar da fase de sensibilización percibimos que esta ten o seu xermolo cando xurde a idea de presentarnos ao PLAMBE e no seo do claustro sae un grupo representativo dos ciclos que aportan ideas do que se está a facer e das inquiredanzas de facer outras actividades, dando lugar a un “FEEDBACK”.

Este grupo ve a importancia de formarnos e entón involucrámonos nun grupo de traballo “*TÉCNICAS DE FOMENTO DA LECTURA*”, e ao ano seguinte no seminario “*ESCRIBIR E ILUSTRAR*”, dirixido por o escritor Antón Cortizas. A concesión do PLAMBE no curso 2007-2008 foi un revulsivo no que nos implicamos toda a comunidade educativa dando pé a:

- Enquisa ao profesorado para destinar un tempo á lectura, cuxa opinión foi positiva maioritariamente.
- Establécese a “**HORA DE LER**” e ao mes da posta en marcha o profesorado que era reticente chega a valorala como actividade de moito éxito; así como o alumnado e as familias, das que recibimos os seus parabéns ao sentir que os seus fillos collían libros e falaban deles a partir desta actividade.
- Implicación de toda a Comunidade Educativa nas distintas tarefas propostas.

1ª enquisa para opinar sobre “un tempo para ler”

Cuestionario ao profesorado

Considerando a relevancia da lectura, xa que permanece connosco o resto da nosa vida, promove a comprensión, relaxa... e, que ler a diario, forxa o gusto pola mesma, o Grupo do Proxecto Lector andamos a voltas para buscar un tempo para ler.

O P.L. será a referencia para a elaboración de programas que fomenten a lectura. Consta de tres fases:

- a) sensibilización
- b) planificación
- c) desenvolvemento e avaliación.

Neste curso pretendemos levar a cabo o apartado de sensibilización, para o cal necesitamos a colaboración de todo o profesorado. Por iso solicitamos nos contestedes a esta enquisa á maior brevidade posible e co máximo interese.

- 1) Pensades que é importante dedicar á lectura un tempo determinado e fixo do día, en todo o centro?
 - Todos os días
 - Dúas ou tres veces á semana
 - Ningún día

- 2) Estarías disposto/a a apoiar nesta tarefa, tendo en conta que é unha lectura libre e elixida por eles?
 - Si
 - Non

- 3) Gustaríache que o tempo lector estivese amenizado, ao inicio e ao final con música ambiental?
 - Si
 - Non

- 4) Pensas que esta actividade favorecería o proceso lector do alumnado?
 - Si
 - Non

- 5) Serían de moito proveito todas a vosas suxestións.

Os comezos nunca son fáciles, por iso necesitamos da vosa axuda para decidir, se é posible “TEMPO DE LER”

Grazas

2ª enquisa de avaliación desta “ hora de ler”

HORA DE LER – ENQUISA DE VALORACIÓN

O grupo da Biblioteca, consciente do valioso papel do profesorado para preparar “un tempo para ler” e da garantía que dá a súa implicación neste labor cotiá, desexaría identificar os fallos, necesidades, dificultades e ... ¿Por qué non? satisfaccións que van xurdindo no proceso da convivencia dos nenos e nenas cos libros.

Co ánimo de intentar mellorar, agradecemos que nos cubrades esta enquisa.

1. A hora de ler responde ás expectativas fixadas?

- Si
- Non

Razóns

.....

.....

.....

.....

.....

2. Consideras necesaria cambiar a modalidade?

- Lectura modelada, declamación, teatro...
- Seguir igual

3. Proposicións para mellorar este tempo de lectura.

.....

.....

.....

.....

4. Dificultades atopadas á hora de levar á cabo esta actividade.

.....

.....

.....

.....

Grazas

TRATAMENTO DA COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN

Débense fixar unhas estratexias que motive ao alumnado ao gusto e gozo pola lectura e a escrita.

De forma xeral deberanse:

- Realizar actividades lectoras que estean incluídas dentro do traballo diario da aula e que abranguen todas as áreas.
- Traballos que desenvolvan a creatividade e imaxinación coa elaboración de contos individuais, ou en grupo, poemas, obras teatrais...
- Actividades de animación á lectura: recitais, lectura de contos, representacións teatrais, que preparen e presenten o propio alumnado.
- Aproveitamento dos recursos da biblioteca para a elaboración de proxectos de centro ou pequenos proxectos de aula. Actualizando os seus fondos cando fora necesario para dar servizos a estas actividades.
- Fomentar á investigación.
- Elaboración de glosarios de cada área para unha mellor comprensión da materia e adquisición de léxico.

Dun xeito especial deberase ter en conta a dificultade dalgún alumnado na competencia da comprensión lectora, por iso seleccionaranse e faranse actividades que lles axuden nesta tarefa:

- Esmiuzar o texto. Analizar o léxico.
- Resumir o texto
- Preguntas de comprensión
- Cambiar o texto...

Será necesario estimular mediante actividades dinamizadoras a paixón pola lectura e facer entender aos nosos alumnos a importancia de ler como vehículo de conexión co mundo que nos rodea.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o hábito lector para espertar, crear e desenvolver a comprensión de cultura e coñecemento.
- Desenvolver a imaxinación, creatividade e capacidade lectora autónoma.
- Potenciar a relación do neno coas bibliotecas (aula, centro, municipio ...)
- Afianzar hábitos de comportamento así como de coidado e respecto polos libros, outros soportes e demais materiais
- Aprender a buscar, organizar e aplicar información para ampliar coñecementos e visión doutras realidades e culturas.
- Recoñecer e rexistrar as dificultades que existen no eido da lectura (dende a actitude ata outros problemas que dificulten o acceso á mesma).
- Formar un taller de creación para que gocen coas súas propias iniciativas ao dar forma a súa imaxinación.
- Adquirir o nivel léxico axeitado a cada idade, en todas as áreas do coñecemento, ampliando o vocabulario activo e activando o pasivo.
- Deseñar actividades lectoras en todas as áreas que favorezan a competencia literaria.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Estimular a habilidade visual
- Espertar o interese polos libros.
- Iniciar a aprendizaxe lectora.
- Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- Ordenar de xeito secuencial viñetas relacionadas cun conto.
- Contar detalles dos contos e memorizar poemas
- Representar o argumento do conto ou dalgunha secuencia, a través da expresión corporal e oral.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E. PRIMARIA

- Afianzar e consolidar a aprendizaxe lectora.
- Aprender pequenos textos literarios
- Estimular o pracer pola lectura auditiva.
- Familiarizarse na lectura e interpretación de imaxes.
- Ser capaz de contar ou resumir o escoitado ou lido.
- Crear diferentes textos literarios de xeito individual, colectivo ou pequeno grupo.
- Educar na capacidade de valorar e criticar a información.
- Formar en competencias básicas da comunicación e na interpretación de datos.
- Fomentar o traballo en grupo.

ACTIVIDADES

Hora de ler

Primeira das actividades que se fixo dentro do noso proxecto lector.

Durante 20 min diarios (despois do recreo) o alumnado ten un tempo de recollemento, de intimidade para introducirse na lectura escollida por eles.

Para que esta actividade non caía na monotonía, de cando en vez, variáase, facendo lectura de todas as materias de currículo en voz alta, lectura colectiva, escoitan ler ao adulto, lectura na rede e incluso audicións.

Tamén se emprega este tempo para presentar actos relacionados coa lectura a nivel de todo o centro ou para actividades do proxecto PLAMBE.

Maleta viaxeira

As maletas (unha por ciclo) viaxan polas aulas cargadas de libros relacionados cunha temática escollida dende a biblioteca e, case sempre, relacionada co noso proxecto PLAMBE ou unha temática de algún acontecemento actual. Permanece uns días en cada aula e nese tempo o alumno (no tempo de ler) fai uso do material, podendo incluso levalo á casa.

Mochila viaxeira

Unha actividade moi ben acollida que serve de acercamento das familias ao centro a través da lectura. Unha experiencia motivadora onde pais, fillos, irmáns, avós... comparten libros, música, películas e incluso xogos interactivos que activan a mente de todos eles.

Exposicións

Os libros saen da biblioteca, igual que nas anteriores actividades, para encher os corredores e acercar o seu contido ao alumnado.

Contos, poesía, teatro, libros de información...que poden ser tocados, lidos e levados a aula polos profesores ou os alumnos.

Busca de información

É importante ensinar ao alumnado a buscar información para dar resposta ás súas inquedanzas, saber onde atopala, ser quen de discernir entre a boa ou mala información, ... deste xeito alcanzariamos unha das competencias básicas que consideramos fundamental para a formación do alumnado: Aprender a aprender

Recomendación de libros

Para calquera neno/a é moi motivador iniciar a lectura dun libro que foi recomendado e valorado por algún compañeiro/a, de aí a importancia desta actividade onde uns presten a outros os seus libros ou recomenden os da biblioteca de aula ou a escolar.

Elaborouse unha ficha de recomendacións que o alumnado pode consultar.

Troco de libros

A actividade desenvolverase co motivo dunha determinada celebración. O centro e os alumnos aportarán fondos que se disporán en stands temáticos. Aos nenos entregaráselle un ticket que trocarán polo libro que elixan.

Dramatizacións

O teatro, de monicreques ou personaxes reais, os conta-contos acerca ao alumnado ao mundo da expresión, da comunicación, facéndoos partícipes do texto e impregnándoos da maxia da creación, para ser quen de elaborar e representar as súas propias obras, ser quen de transmitir vivencias, sentimentos, emocións....

Escribir e ilustrar

É importante contar coa presenza de escritores e ilustradores no centro para facer sentir ao noso alumnado a creación literaria coma algo próximo, que lles anime a ser capaces de crear por si mesmos e vibrar coa satisfacción dun traballo propio.

Lectura na rede

Deberemos diferenciar dous xeitos de lectura. A que persigue a busca de información de contidos para levar a termo unha aprendizaxe. A que persigue o pracer dunha lectura literaria. Nesta última farase fincapé na “hora de ler” fixándose un horario para cada aula, combinándose a lectura con outras actividades en rede que teñan relación coa mesma.

PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca é un recurso educativo ao servizo do currículo e do proxecto educativo do centro e concíbese como un espazo dinámico de recursos e servizos de información que cumpre un papel primordial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e como tal é un instrumento fundamental de índole pedagóxica que apoia a labor docente.

Ten que actuar como centro de recursos que favorezan os proxectos interdisciplinares e o traballo en equipo do alumnado e profesorado enriquecendo a actividade na aula e facilitando a participación nos programas e proxectos do centro.

É un espazo dinámico e de encontro no que se reúne unha gran diversidade de recursos educativos que conteñen información actualizada e apoian, a través de múltiples servizos, o proceso de ensinanza-aprendizaxe do currículo escolar en permanente crecemento.

A biblioteca debe integrar os seus servizos ás necesidades do profesorado e o profesorado integrará a súa acción educativa á biblioteca. Deste xeito e de forma coordinada poderemos:

- Coñecer que necesita cada alumno para a súa aprendizaxe.
- Identificar posibles metodoloxías para o desenvolvemento das unidades.
- Determinar e organizar actividades de aprendizaxe que requiran medios de apoio.
- Establecer pautas para o uso dos recursos.
- Programar o uso de materiais, equipos, mobiliario e espazos.
- Detectar alumnos que requiran atención especial para darlla a través do uso de diferentes materiais.

A biblioteca escolar asume a responsabilidade de ensinar ao alumnado como atopar a información, analízala e interiorízala, en definitiva, a que o alumnado sexa o protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe.

A innovación educativa promovida dende a biblioteca escolar é de índole organizativa e metodolóxica:

- Superación do libro de texto como único referente informativo.
- Traballar por proxectos documentais.
- Coordinación por medio de redes entre bibliotecas escolares.
- Establecemento de seminarios ou grupos de traballo multidisciplinares que dinamizan e xestionan a biblioteca.
- Cambios actitudinais nas prácticas de uso do profesorado.
- Actividades de busca, investigación e creación por parte dos propios alumnos.

A través destes procedementos didácticos quérese conseguir unha aprendizaxe de competencias de orde superior. Así dende o traballo da biblioteca poderán os alumnos:

- Saber formular unha pregunta e identificar necesidades de información.
- Relacionar a pregunta con coñecementos anexos.
- Identificar palabras clave, frases e conceptos.
- Organizar os conceptos segundo o perfil de busca dende o xeral ao particular.
- Identificar información relevante.
- Comprender contidos en varios tipos de medios.
- Avaliar os recursos.
- Interpretar, inferir, analizar a información.
- Adquirir o hábito da lectura, a importancia de pensar sobre o que len.
- Organizar, compartir e aplicar a información obxectivamente e pensar de maneira crítica e creativa.

Profesorado

- Terá como papel ser modelo lector
- Crear espazos que fomenten unha actitude positiva cara á lectura.
- Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.
- Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario respondendo ás necesidades e características de cada materia.
- Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- Potenciar a flexibilidade docente ofrecendo recursos alternativos ao libro de texto e ampliando as vías de acceso á información e ao coñecemento.
- A súa participación nas actividades deseñadas polo Equipo da Biblioteca.
- A súa participación na elaboración do “Itinerario lector”
- As programacións incluirán unha lista de lecturas recomendadas tanto informativas como de ficción.
- Considerar a Biblioteca como un espazo central da vida diaria do centro
- Deseñar estratexias comúns para o apoio ao alumnado con dificultades:
 - o Esmiuzar o texto
 - o Analizar vocabulario...
 - o Facer glosarios...

Comunidade educativa.

- Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos seus fillos e fillas.
- Apoio ás actividades deseñadas desde o centro.
- Ser modelo lector na casa.
- Compromiso do coidado dos libros e outros materiais que o neno ou nena leve en condición de empréstito á casa.
- Participación nas actividades de fomento e/ou dinamización da lectura que poidan xurdir para celebrar conxuntamente.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

O seguimento e avaliación do Proxecto Lector considérase un elemento esencial do propio Proxecto porque permite a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, das actuacións que se están levando a cabo ou que foran desenvolvidas e dos recursos e medios (económicos, materiais e humanos) empregados, así como a realización de propostas de mellora.

A valoración do Proxecto ten que ser continua, co fin de ir axustando os obxectivos e actuacións previstas, ás necesidades e demandas concretas dos centros educativos.

- **Avaliación inicial** *que nos permita coñecer o punto de partida.*

A partir dos datos da avaliación inicial, o profesorado xerarquizará os obxectivos que quere acadar.

- **Avaliación formativa** *cun proceso de seguimento das actuacións previstas, que estará envolto na dinámica de autoavaliación na que se analizarán, entre outros, os seguintes aspectos:*

- A metodoloxía empregada.
- As actitudes e motivacións do profesorado e do alumnado.

Para sistematizar o proceso de seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolvan, terase en conta:

- A idoneidade das propostas levadas a cabo, das actuacións formativas realizadas e dos materiais e recursos empregados.
- A temporalidade das diferentes actuacións.

Para realizar este seguimento, sería interesante levar un rexistro por escrito das incidencias, acertos, etc. das experiencias postas en marcha.

- **Avaliación final** *que sintetice, entre outros, os seguintes aspectos:*
 - O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora, tendo en conta as medidas levadas a cabo, e a súa incidencia nos resultados académicos.

- O grao de:
 - Consecución dos obxectivos propostos,
 - Desenrolo das actuacións previstas e a coherencia e relación entre estas e os eixos de actuación propostos no Proxecto.
 - Aproveitamento dos recursos do centro.
 - Implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos comprometidos no desenvolvemento das actuacións propostas.
- As estratexias metodolóxicas aplicadas.
- O desenvolvemento das medidas de coordinación.
- As actividades de formación realizadas e a valoración das mesmas.

- **As conclusións da avaliación final**, así como as propostas de mellora, se as houbera, incluíranse, ao finalizar cada curso escolar, na memoria anual do centro, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte.

DIFUSIÓN DO PRESENTE PROXECTO

Este proxecto forma parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e foi aprobado polo claustro de profesores (29/06/2010) e polo Consello Escolar (30/06/2010)

Será enviado unha copia por correo electrónico a todo o profesorado e posto a disposición de toda a comunidade educativa na [nosa web](#).

Haberá unha copia impresa en cada un dos ciclos a disposición de todo o profesorado e outra na secretaría do centro, a disposición de toda a comunidade educativa.

